

RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO DE INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA ENTRE AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN DE ALGAS DENDE EMBARCACIÓN DA CONFRARÍA DE CAMBADOS

ANTECEDENTES

1. O **Plan de xestión de algas dende embarcación**, da Confraría de pescadores de Cambados, que foi aprobado mediante a Orde do 22 de decembro de 2021, pola que se aproban os plans de xestión de recursos específicos en Galicia para o trienio 2022-2024, establece un número máximo de 7 embarcacións e 12 mergulladores.
2. Unha vez rematado o procedemento de renovación das embarcacións con permiso de explotación para o plan de xestión de algas dende embarcación da confraría de Cambados, compróbase que o número actual de participantes neste plan é de 7 embarcacións e 9 mergulladores.
3. A Confraría de Pescadores de Cambados, con data 23 de maio de 2022, solicita a apertura do prazo de presentación de solicitudes, na modalidade de algas, para a elaboración das listas, destinadas ao incremento dunha (1) cota de captura, a repartir entre as embarcacións integrantes do plan de xestión.
4. Mediante Resolución da Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo, publicada o día 22 de xullo de 2022, ábrese o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración das listas destinadas ao incremento de cotas de captura, entre as embarcacións incluídas no plan de xestión de algas dende embarcación da confraría de Cambados.
5. Mediante Resolución da Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo, do 22 de agosto de 2022, publícase a lista provisional de embarcacións admitidas no proceso selectivo, coas correspondentes puntuacións, e ábrese un prazo de 15 días hábiles para efectuar alegacións.
6. Non se presentaron alegacións.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 42º da Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, establece que: *"A explotación das distintas especies de recursos específicos realizarase por modalidades. Esta requirirá estar en posesión das correspondentes habilitacións previstas no artigo 39º desta Lei e participar nun plan de xestión"*.
2. A Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, determina nos artigos 39 a 46 os requisitos e o procedemento para o **incremento de número de cotas de captura para as embarcacións** incluídas nun plan de xestión.
3. A Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, establece o baremo para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos.



4. A Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo é competente para ditar as resolucións deste proceso selectivo, segundo establece o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, antes referida.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1. **Aprobar a relación definitiva das embarcacións seleccionadas, para o incremento dunha (1) cota de captura** para as embarcacións incluídas no plan de xestión de algas dende embarcación da Confraría de pescadores de Cambados (**ANEXO I**).

2. Abrir un prazo de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación desta resolución, para que as persoas armadoras das embarcacións seleccionadas presenten a seguinte documentación para a asignación final de cotas á embarcación:

- a) **Rol de despachos actualizado** da embarcación coa dotación de tripulación enrolada.
- b) **Certificacións profesionais** que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás no suposto de autorización expresa por parte das persoas tripulantes á Consellería do Mar para a consulta das certificacións profesionais expedidas pola Consellería do Mar. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da *Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*, DOG nº 13, do 21/01/2016).
- c) Documento que acredite o **número máximo de tripulantes autorizados** pola administración marítima para a embarcación.

Se a documentación non se presenta no prazo establecido, entenderase que desisten da súa solicitude.

Está resolución estará exposta na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, e con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Consellería do Mar das xefaturas comarcais de Pontevedra e Vilagarcía de Arousa, da xefatura territorial de Vigo e na confraría de pescadores.

De conformidade co disposto nos artigos 30, 121 e 122 (sección 2ª do capítulo II) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpor recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación.



ANEXO I

**Proceso selectivo para elaboración de listas para o incremento de cotas de captura entre as embarcacións incluídas no
Plan de explotación de Algas da Confraría de Pescadores de Cambados**

SOLICITUDES ADMITIDAS

NOME DA EMBARCACIÓN	MATRÍCULA
MAIKA	3ª VILL-2-4350

